

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/07/2019 13:36:51

SAIDA 8291/19

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 082/2019**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 23 de maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 1 de xullo de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de maio de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a denegación de acceso ao expediente completo da convocatoria para prover por concurso de méritos o posto de denominado técnico asesor Recursos Humanos/adxunto a xefe servizo Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo no que a reclamante ten a condición de interesada.

A reclamante indica no seu recurso que, con data do 25 de abril de 2019, solicitou copia completa, cotexada e foliada de todo o expediente do posto convocado para prover por concurso de méritos o posto de denominado técnico asesor recursos humanos/adxunto xefe servizo recursos humanos, porque considera que a valoración realizada tanto a un solicitante como a ela non se adecúa á realidade e así poder presentar reclamacións ao nomeamento provisional. Ao día seguinte se lle fixo entrega de parte do expediente, (nomeamento dos membros, dos resultados da valoración e outros) pero non das certificacións e documentacións que os acreditan e que forman parte do expediente. Con data do 25/04/2019 presentou unha reclamación e solicitou unha rectificación de erros que foron desestimadas e solicitou a copia completa, cotexada e foliada de toda a documentación de todo o concurso e



de todos os postos para acudir ao Xulgado do Contencioso Administrativo. informa que prazo para presentar recurso de reposición en vía administrativa remata o día 17/06/2019 e non dispón da copia completa do expediente para acreditar que a valoración non se adecúa á realidade producíndolle unha grande indefensión.

Segundo. Con data 31 de maio de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Deputación Provincial de Lugo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 5 de junio de 2019.

Terceiro. Con data do 12 de xuño ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo un correo da reclamante no que comunica que se lle fixo entrega por parte da Deputación Provincial de Lugo da copia do expediente requirido a través desa Comisión da Transparencia.

Cuarto. Con data 17 de xuño de 2019 a Deputación Provincial de Lugo contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

A Deputación Provincial de Lugo no seu informe, en síntese manifesta que contrariamente ao sinalado pola interesada, solicitou e exerceu o dereito de acceso ao expediente administrativo completo de provisión do indicado posto e na dita comparecencia que tivo lugar o 26 de abril, tivo acceso a toda a documentación que obra no expediente, acceso que se demostra polo feito de que no propio expediente do procedemento se recollen dous escritos seus, de 29 de abril e de 2 de maio, nos que alega contra os méritos do seu competidor, referidos aos apartados 8.2.A) e 8.2.B), que di descoñecer.

A reclamante é interesada no expediente de provisión do posto de traballo de Técnico Asesor de Recursos Humanos pero non o é en ningún dos outros expedientes de provisión doutros postos, xa que só se presentou a este procedemento. A documentación que di que lle foi negada na súa comparecencia, de 26 de abril de 2019, é a corresponde a outros expedientes de provisión de postos nos que ela non é aspirante e por tanto carece de lexitimación como interesada para acceder aos mesmos, xa que ao non ser partícipe prima o dereito á protección de datos persoais das persoas interesadas e participantes no dito procedemento de provisión doutros postos sobre o seu dereito á información en expedientes nas que ela non participa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse

unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se

toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

Con carácter previo a entrar a coñecer sobre o fondo do asunto exposto, resulta necesario deterse na análise dunha cuestión formal, como é a relativa á aplicación á presente reclamación do previsto no apartado 1 da Disposición adicional primeira da Lei 19/2013, dado que, en caso de apreciar que concorre dita circunstancia, habería de inadmitir a reclamación sen entrar a examinar o fondo da mesma.

A referida disposición adicional primeira, no seu parágrafo primeiro, establece que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo. No presente caso, a solicitude de copia do expediente do procedemento que presenta a reclamante con data do 25 de abril de 2019, a fai na súa condición de interesada nun procedemento de provisión de postos de traballo, que nese momento esta en fase de nomeamento provisional, e a finalidade da obtención da información solicitada é a de presentar formalmente reclamación en prazo, como efectivamente fai con data do 29 de abril de 2019, segundo consta no expediente remitido pola Deputación Provincial de Lugo. De acordo co anterior, a solicitude de acceso ao expediente foi presentada pola hoxe reclamante na súa condición de interesada nun procedemento administrativo en curso, polo que, de acordo coa disposición adicional primeira 1 citada, é a normativa do procedemento de provisión do posto de traballo a que debe aplicarse á solicitude e non a normativa vixente en materia de transparencia, polo que en consecuencia, debe inadmitirse a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 25 de abril de 2019, contra a estimación parcial da súa solicitude de acceso á información ante

Delegación Provincial de Lugo, referente á falla de entrega de copia completa do expediente posto convocado para prover por concurso de méritos denominado Técnico Asesor de Recursos Humanos adxunto Xefe Servizo Recursos Humanos.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2019



Milagros Otero Parga
Presidenta da Comisión da Transparencia